

## Pazos xirará cos seus monólogos por Ourense

**APOIO** O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e o actor Serxio Pazos presentaron onte no Centro Cultural Marcos Valcárcel o espectáculo de monólogos *Afian-do con humor*, no que Serxio Pazos se converterá nun afiador 2.0 durante 90 minutos e analizará a actualidade a través da súa mirada irónica e retranqueira. A xira por diferentes auditórios da provincia

comeza o 25 de xuño en Castrelo de Miño. Manuel Baltar dixo que se trata dun “espectáculo no que ten protagonismo o símbolo estrela da nosa cultura e que forma parte do noso ser: a roda de afiar”, e destacou a importante pegada mediática de Pazos, un actor vinculado ás características ourensás, “creativo, traballador e emigrante, que non esquece as súas orixes”. **REDAC.**



Baltar, á dereita, e Pazos, na presentación. Foto: DOU

38 | TENDENCIAS

**M.ª José Talavera, galardoada co Premio Ada Byron**

**CPEIG** O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) recoñecerá nos seus premios anuais, que entregarán este venres, o traballo de M.ª José Talavera, directora xeral VMware Iberia, a quen lle concedeu o Premio Ada Byron. A través do galardón que leva o nome da primeira programadora, o CPEIG quere fazer visible o traballo da muller no eido informático. **REDAC.**



EL CORREO GALLEGO

MIÉRCOLES  
14 DE JUNIO DE 2017



Manuel González, á esquerda, Valentín García, Juan Luis Blanco e Isabel González, na facultade. Foto: Antonio Hernández

## A USC achega as Belas Artes ao público en galego e italiano

A catedrática Isabel González presenta tres libros con vocabulario en ambos idiomas sobre escultura, pintura e arquitectura

**SALOMÉ BARBA**  
Santiago

A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago (USC), coa catedrática de Filoloxía Italiana Isabel González á cabeza, vén de presentar tres novos libros que farán moito más fácil o traballo no mundo das Belas Artes. Son tres volumes que aportan vocabulario en galego e en italiano sobre escultura, pintura e arquitectura, respectivamente, e que pretenden proporcionar unha ferramenta de utilidade para profesionais do sector, docentes, estudantes e alumnos da especialidade de Arte, así como para “curiosos, entendidos co-

mo algúen que quere saber máis, é dicir, para o público en xeral”, explica González a este diario.

A presentación, onte en Compostela, correu a cargo da directora do proxecto, Isabel González Fernández, e contou coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; do coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades –onde se celebrou o acto–, Manuel González, e do director de Publicacións da USC, Juan Blanco Valdés.

A necesidade de publicar estas obras queda patente, explicaron na presentación dos vocabularios, polo “ca-

da vez maior número de alumnos italianos estudiando na USC, así como de graduados de aquí que optan por facer a súa especialidade” neste campo en Italia. Deste xeito, estes libros serán unha axuda para o seu día a día nun campo que, ano tras ano, gaña en importancia.

Estes novos traballos continúan a serie que comenzou o *Dicionario Italiano-Galego* –“o primeiro e único no mundo”, explica González–, o *Vocabulario Galego-Italiano da Hostalaría* e o *Vocabulario Galego-Italiano da Gastronomía*. Todos eles representan unha novedade ao poñer en contacto en diferentes ei-

dos os dous idiomas, froito do traballo dun equipo pionero en tratar estas linguas conxuntamente.

O equipo do que forma parte Isabel González, formado por oito docentes e un lector, logrou que a súa área de Filoloxía Italiana teña o conxunto lexicográfico máis importante, xa que nin sequera o inglés a supera, un traballo que axuda á difusión da lingua galega, da cultura e do patrimonio da comunidade autónoma. Ademais, esta serie terá nun futuro unha nova obra xa que a profesora González xa se atopa traballando no segundo volume do *Dicionario*, nesta ocasión a versión *Galego-Italiano*.

## Vegalsa-Eroski y el Instituto Gómez-Ulla, contra la ceguera evitable

**Campaña conjunta para velar por la salud ocular de los trabajadores**

55 años, ya que es la edad que se considera de riesgo al comenzar a manifestarse las patologías de retina más frecuentes.

**A Coruña.** La compañía gallega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski y el Instituto Oftalmológico Gómez-Ulla –clínica referente en España– se unen a la lucha contra la ceguera evitable por enfermedades de la retina en España y lo hacen sumándose como colaboradores oficiales a 2017. *Año de la retina en España*, un proyecto liderado por la Fundación Retinaplus+, declarado por el Gobierno de España como de “excepcional interés público”.

Como colaboradores de esta iniciativa de alcance nacional y para contribuir a mejorar el conocimiento de las enfermedades de retina por parte de la población, el Instituto Oftalmológico Gómez-Ulla y Vegalsa-Eroski decidieron poner en marcha una campaña conjunta de salud visual para velar por la correcta salud ocular de los trabajadores de la compañía con más de

Un total de 315 trabajadores se someterán a una revisión oftalmológica completa en las instalaciones del Instituto Oftalmológico Gómez-Ulla en Santiago para descartar posibles afecciones oculares, especialmente de retina. Una acción que se enmarca en el valor *Familiaridad* de la distribuidora alimentaria, que representa el compromiso de la compañía con sus empleados y la sociedad.

Vegalsa-Eroski trabaja cada día por conseguir la máxima satisfacción de sus empleados a través de la creación de puestos de trabajo estables, destinando recursos a la formación y promoción interna, posibilitando la conciliación de la vida familiar y profesional, estableciendo relaciones basadas en el respeto y la cercanía y compartiendo valores que identifican y distinguen a la compañía.

**REDACCIÓN**



Gómez-Ulla se suma a i2017. *Año de la retina en España'*